

SENDA LITORAL DE BOIRO

XOGO DAS FAMILIAS

Con este xogo de cartas queremos presentarte o Sendeiro do litoral de Boiro, para que antes de que fagas o percorrido, coñezas os elementos patrimoniais, medioambientais e medio de vida da poboación máis próxima.

Quen son os membros das familias?

Familia Flora mariña

Maerl: Este nome agrupa ás algas calcáreas que crecen no fondo mariño e que constitúen un lugar de cría e refuxio dunha gran variedade de especies. Estas son fonte de carbonato cálcico que regula o pH da auga e abundan na Praia da Retorta e zona dos Baos.

Fitoplacto: É o placto vexetal, microalgas que constitúen a base da cadea trófica de moluscos cefalópodos e peixes. Está formado por diatomeas, clorofilas, cianobacterias, dinoflaxelados entre outros.

Seda costeira: Planta herbácea mariña que pode formar pradeiras, sendo uns lugares axeitados para a reprodución, alimento e refuxio de especies.

Liques: Trátase dunha asociación (simbiose) de fungo e algas

Familia Flora dunar

Esta familia ten unha importante función de protección e conservación dos frontes das praias

Carrasca de San Xoán: É importante non pisar as dunas para non estragala xa que actualmente está véndose ameazada pola presión humana.

Paxariño: Planta presente nas dunas primarias de Carragueiros. É endémica das costas atlánticas da nosa península e de Francia.

Leiteira: Herba rasteira, atópase nas dunas grises da praia de Carragueiros

Arenaria do mar: Chamada herba da sal, dispón de estolóns que suxeitan moi eficazmente a area, protexendo a duna

Familia Flora exótica invasora

As especies desta familia non deberían estar no percorrido do sendeiro, xa que son a causa da principal perda de biodiversidade no mundo. Viñeron de fóra e introducíronse en hábitats onde non existían, polo que as especies presentes vense ameazadas por non ter medios para loitar contra elas. No sendeiro podemos encontrar:

Herba da pampa: Oriúnda de Sudamérica, chegou como planta ornamental

Margarida africana: Oriúnda de Sudáfrica, chegou polo emprego en xardinería

Orella de gato: Oriúnda de Brasil e Arxentina, chegou como planta tapizante empregada en xardinería.

Herba do coitelo: Oriúnda de Sudáfrica, introdúxose como planta ornamental

Familia Aves Acuáticas

Garza real: Ave de gran tamaño, podemos atopala na Praia de Carragueiros e nas lagoas

Gabita: Aniña no chan entre a vexetación e as rochas da beiramar e tamén nas dunas. Ollo! Non pises os ovos!

Mazarico Chiador: Vive nas dunas, praias e marismas. Aliméntase de insectos, larvas, miñocas, moluscos e materia vexetal

Picapeixe: Tamén chamado Martiño peixeiro; aniña en buratos e aliméntase de peixiños, insectos acuáticos, larvas e cabaliños do demo

Familia Peixes

Cabaliño do mar: Vive en fondos areosos e aliméntanse de crustáceos. Actualmente a súa poboación está ameazada.

Raia mosaico: Vive nos fondos de area e lodo. O seu aspecto permítelles camuflarse dos depredadores

Lorcho: Podemos encontralo en fondos rochosos e charcas de mareas. Aliméntase de crustáceos e miñocas.

Pinto: Vive nos fondos rochosos entre as algas. É moi apreciado na cociña.

Familia Gastronomía Local

Mexillóns: Cando pidas mexillón, pídeo polo seu nome: Mexillón de Galicia e déixate seducir polo seu extraordinario sabor.

Berberechos: O humilde bivalvo. Ten un enorme sabor para calquera prato do que forme parte. Moi indicado para arroz, guisos e empanadas.

Navallas: Deliciosas á prancha cun chorro de aceite e limón. Distínguense do lingueirón polas súas valvas rectas.

Ameixa: De gran valor gastronómico. As tres especies autóctonas, por orden de calidade, son ameixa fina, babosa e xapónica.

Familia Patrimonio

Peirao vello: É un dos máis antigos da ría, posiblemente despois do porto de Palmeira.

Castro do Achadizo: É un típico castro costeiro. Tivo unha longa vida, xa que estivo habitado entre os séculos VI e I a.C.

Cruceiro Xacobeo: Forma parte dos cruceiros xacobeos da Ruta Mar de Arousa e Río Ulla. Foi doado pola Mancomunidade de Municipios Arousa Norte.

Capela da Virxe do Carme: Pequena capela do Chazo. A Virxe do Carme é a patroa dos mariñeiros.

Familia Artes de Pesca e Cultivo

Nasas: Artes de fondo que se empregan para a captura de peixes e crustáceos, poden ser feitas de madeira, vimbio ou metal e recubertas dunha rede

Raño: Arte que se utiliza removendo a area para deixar ao descuberto o berberecho e a ameixa.

Batea: Plataforma de madeira que se coloca no mar para o cultivo de mexillón.

Bou de vara: É un arte remolcada por unha embarcación que mantén a súa abertura horizontal constante. Este tipo de arte utilízase para a captura de camarón, nécora, e tamén zamburiña, linguado,...

REGRAS DO XOGO (De 2 a 6 xogadores)

A cada xogador/a repártenselle 7 cartas, deixando o montón na mesa. Empeza un xogador/a preguntándolle ao que queira do grupo si ten a carta que el desexa, e si a ten, debe darlla e repite pedindo unha carta. Si non a ten, colle unha carta do montón; si é a que tiña pedido, repite e si non, tócalle ao seguinte. En canto ten reunida unha familia, deposítala na mesa. O xogador, que ao terminarse as cartas do montón, ten máis familias gaña a partida das familias.

Consello: Antes de xogar ensíne a neno/a tódalas cartas e nome dos recursos representados.

